Acta da Xunta de Persoal Docente e Investigador da Universidade de Vigo

correspondente á sesión ordinaria celebrada o
martes 18 de maio de 2010

Iniciouse a sesión ás 11:00 do día 18 de maio do 2010 na Sala de Xuntas do Edificio de Fundición coa asistencia das persoas que se indican a continuación:

> Aquilino S. Alonso Núñez (CIG); Xavier Roca Pardiñas (CIG); Xosé Antón Vila (CIG); Luis Anido Rifón (CIG); Xavier Simón Fernández (CIG); María Vera Isasa (AGPTU); J. Nicanor Alonso Álvarez (AGPTU); Gloria Pena Uris (AGPTU); Leandro Alejano Monge (AGPTU); J. Enrique Ares Gómez (UXT); Manuel Ramos Cabrer (UXT); Joám J. Santamaría Conde (UXT); Rafael Durán Barbosa(CCOO); José Óscar García Sánchez (CSIF).

O Presidente deulle a benvida aos profesores e delegados sindicais Leandro Alejano Monge, Xavier Simón Fernández e José Óscar García Sánchez.

Trátanse os seguintes puntos de acordo coa orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da sesión anterior. Aprobouse por asentimento a acta da sesión de 26 de abril de 2010.

2. Toma de postura ante a petición de amparo do profesor José María Chamorro Rivas e seis membros máis do Departamento de Economía Aplicada.

Ante a petición do profesor José María Chamorro Rivas e seis membros máis do Departamento de Economía Aplicada para que a Xunta de PDI-F se pronunciase con respecto a unha praza orixinada polo programa especial de promoción, a Xunta de PDI-F aprobou por unanimidade:

- pronunciarse a favor de que, no proceso de elaboración do actual POD, a COAP non restrinxa o dereito de calquera PDI-F do Departamento a escoller a docencia vacante que puidese haber seguindo o criterio habitual de categoría e antigüidade.
- non pronunciarse sobre a asignación de campus á praza debido á ausencia de normativa. Ademais a Xunta de PDI-F acordou solicitarlle á Reitoría que negocie cos órganos de representación sindical unha normativa clarificadora sobre estas cuestións.

3. Nomeamento de mediadores. A Xunta de PDI-F acordou consultarlle á Xerencia se os mediadores de conflitos teñen que ser membros da Xunta de PDI-F ou non.

En caso de que os mediadores teñan que ser membros da Xunta de PDI-F, esta acordou:

- propor ao profesor Rafael Durán Barbosa (CCOO) como mediador de conflitos no ámbito da investigación e ao profesor Xosé Antón Vila Sobrino (CIG-F) como mediador de conflitos no ámbito docente.
- propor ao profesor Xavier Roca Pardiñas (CIG-F) como mediador suplente de conflitos no ámbito da investigación e ao profesor Joám J. Santamaría Conde (UXT) como mediador suplente de conflitos no ámbito docente.

4. Rogos e preguntas. Non houbo.

E sen máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás 12 horas.

Vigo, 18 de maio de 2010

O Secretario | O Presidente

Asdo. Xavier Roca | Asdo. Aquilino Alonso